

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 13/16

Data 27-12-2016

Acta anterior 15-12-2016

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde en funcións

D. Oscar Vázquez Corral

Concelleiros presentes

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D^a María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García Sánchez

Concelleiros non asisten:

D. Álvaro Xesús García Freire

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 13/2016

Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e sete de decembro de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e dous minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Non hai cidadás presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria

do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Expediente de transferencia de créditos entre partidas de distinto grupo de función. (00' 33")

A continuación o alcalde en funcións Óscar Vázquez Corral explica brevemente a transferencia de crédito proposta nº 04/2016, da que se remitía aos concelleiros o informe de intervención e máis a proposta de alcaldía, e que tiña o seguinte resume:

Altas en partidas de gastos

Partida		Nº.	Descrición	Euros
Programa	Económica			
920	131.00	1	Nómina persoal laboral gastos xerais	23.000,00
231	131.00	1	Nómina persoal laboral servizos sociais	29.000,00
330	210.00	1	Infraestrutura e bens naturais cultura	7.700,00
330	609.00	1	Investimentos cultura	3.500,00
			TOTAL GASTOS	63.200,00

Estes gastos pretenden financiarse mediante baixas nas seguintes partidas:

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Partida		Nº.	Descrición	Euros
Programa	Económica			
920	210.00	1	Infraestrutura e bens naturais gastos xerais	28.000,00
920	212.00	1	Edifícios e outras construcións gastos xerais	6.200,00
920	220.00	1	Ordinario non inventariábel gastos xerais	12.000,00
920	227.06	1	Estudos e traballos técnicos gastos xerais	17.000,00
			TOTAL GASTOS	63.200,00

O portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane pide algunhas aclaracións explicando o secretario, a petición do alcalde en funcións, que as transferencias de crédito son, como o seu nome indica, transferencia de créditos entre diferentes partidas, podendo aprobarse nalgúns casos pola alcaldía (ou Xunta de goberno local), mentres que noutros casos quen ten a competencia é o pleno do concello, como é este caso. A competencia defínese no artigo 179.2 Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Artigo 179 Transferencias de crédito: límites formais e competencia: 2. En todo caso, a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderá ao Pleno da corporación, salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal.

Neste momento hai unha serie de gastos obrigatorios, especialmente de persoal, para realizar os cales faise necesario acudir a superávit doutras partidas, que son de diferente grupo de función e non son de persoal

Marta García Sánchez (BNG) pregunta a que se debe a previsión, contestando o secretario, de orde do alcalde en funcións, que é unha previsión suficiente para cubrir as nóminas deste mes de decembro, non é para pagas extras nin maiores gastos cós das nóminas do persoal que está contratado

O portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane comenta que a convocatoria foi moi urxente e, aínda así, non vai dar tempo a publicar o acordo antes de fin de exercicio, polo que este acordo non vai ser efectivo antes de que remate o exercicio. Tamén se queixa da non realización da comisión de contas previa, que se explica pola urxencia.

Seguidamente procédese a votación da proposta de transferencia de crédito proposta e xa mencionada, a cal resulta aprobada por cinco votos a favor (PP) e dous en contra (BNG)

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e dez minutos (duración de 08' 19"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Oscar Vázquez Corral

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.